

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 11/11/2017.**

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D^a Sabela Iñiguez Cinza.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D. Manuel Beceiro Couce.
D. Manuel Romero Castrillón
D^a María Belén Trigo Meizoso
D^a Yolanda Vázquez Pazos.

Concelleiros ausentes:

D^a Ana Belén Breijo Gundín
D^a Cristina Calvo Tuimil.

Secretaria en funcións:

D^a Mónica Cibreiro Caneiro.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta minutos do día once de novembro de dous mil dezasete, comparecen os Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza da devandita Secretaria en funcións, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dous de setembro do presente ano dous mil dezasete. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus oito membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA CRISTINA CALVO TUIMIL.

Non estando presente a Concelleira electa, que foi convocada para a presente sesión, non resulta posible a súa toma de posesión, que se incluírá tamén na Orde do Día da vindeira sesión plenaria que se celebre, polo que o Sr. Alcalde ordea pasar ó debate do seguinte punto da Orde do Día, o que seguidamente se fai.

TERCEIRO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta dos decretos emitidos desde a última sesión ordinaria, dos que xa se deu conta á Xunta de Goberno e que figuran nas actas desa Xunta, que xa obran en poder dos membros da corporación.

A Corporación queda enterada do contido deses decretos ou resolucións.

Dase conta do acordo da X.G.L. do día 21 de setembro en relación os dous festivos locais municipais para o próximo ano 2018, que son o 13 de febreiro, martes de entroido e o 2 de xullo, día de Santa Isabel.

CUARTO. ADHESIÓN Á HISTORIA SOCIAL ÚNICA.

Dase conta polo Sr. Soto do informe emitido pola Traballadora Social no que se di que A Historia Social Única Electrónica constitúese como o soporte adecuado para a intervención social, facilitando o manexo e a accesibilidade da información e documentación social da persoa usuaria, para cuxo obxecto os/as profesionais e técnicos/as que interveñen nela teñen dereito ó acceso, e se é o caso, o deber de acceder e rexistrar a información correspondente na Historia Social Única Electrónica. Este novo soporte fai imprescindible establecer garantías de confidencialidade e integridade dos datos, regulación que estableceu o Decreto 89/2016 do 30 de xuño, que regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

Neste contexto, a Consellería de Política Social e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia desenvolveu a Historia Social Única Electrónica, que se xestiona mediante o sistema de información denominado HSUE, promovendo compartir a información tanto dentro do ámbito do sistema galego de servizos sociais como doutros sistemas relacionados co benestar social, na busca do obxectivo de optimizar recursos públicos prestados ás persoas usuarias e que non son comúns ós diferentes sistemas que definen os ámbitos sociosanitarios, socioeducativo e sociolaboral.

Polo tanto, estímase a conveniencia da adhesión do Concello a Historia Social Única Electrónica (HSUE), instrumento que reflicte de maneira integrada a información rexistrada polos servizos sociais comunitarios municipais en SIUSS (Sistema de información de usuarios de servizos sociais) xunto coa información procedente do SIGAD (Sistema galego de atención a dependencia) e CENDIS (Valoración de discapacidade), RISGA/AIS/PNC (Renda de inserción social, axudas de inclusión social, pensións non contributivas) e PGIS (plan galego de inclusión social).

Ademais trátase dunha ferramenta para a xeración electrónica dos informes sociais normalizados - ISU - dependencia e ISI- inclusión, a que vai permitir xerar automaticamente informes sociais cunha información máis completa, facilitando o traballo dos profesionais de traballo social.

O Sr. Soto engade que este é un instrumento de intercambio de información entre distintas administracións para prestación de servizos públicos, entendemos que é un adianto para o traballo social que se leva acabo dentro deste concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda a adhesión do concello de San Sadurniño ó Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a implantación da Historia Social Única Electrónica e a manifestación da vontade do Concello de San Sadurniño de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxección plena a todas elas.

QUINTO. ELEVACIÓN A DEFINITIVO DE ACORDO DE DESAFECTACIÓN DUN TREITO DE CAMIÑO PÚBLICO.

Dase conta do expediente iniciado para a desafectación dun pequeno tramo de vía pública non utilizada no lugar de Campolabrado, na parroquia de Naraío, para a súa posterior calificación como sobrante de vía pública e venda aos propietarios colindantes, que foi aprobado inicialmente no Pleno do 6 de maio de 2017,

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda elevar a definitivo o acordo de desafectación do mencionado treito de camiño público, e facultar ó Alcalde para realizar todos os trámites relativos ó alleamento do ben desafectado.

SEXTO. APROBACIÓN DEFINITIVA DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS.

Dase conta da proposta da alcaldía sobre a elevación a aprobación definitiva do inventario municipal de bens, na cal o Sr. Soto fundamenta que durante o ano 2016 San Sadurniño foi incluído nun programa da Deputación provincial polo cal esta financiaba a actualización dos inventarios municipais. No Pleno de maio de 2017 aprobouse expoñelo ao público, de forma que calquera persoa interesada puidese presentar as alegacións que considerase oportunas. O anuncio publicouse no BOP de 15 de maio e a duración da exposición foi de dous meses.

O Pleno na sesión celebrada o 2 de setembro de 2017, acordou aprobar o Inventario de Bens do Concello, que comprende tamén o Inventario de Camiños, ordenando a súa exposición pública polo prazo de corenta e cinco días naturais.

Dentro do prazo sinalado, o 20 de outubro de 2017 Fernando Barro Sabín presentou unha alegación opóndose á incorporación no Inventario da propiedade da parcela onde se sitúa a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de San Sadurniño, co código 1ABT0760000005.

O Concello solicitou un informe técnico externo para determinar a aceptación ou non da alegación. O dito informe conclúe que a ETAP é un ben afectado ao servizo público de abastecemento de auga, de propiedade municipal, segundo se recolle no inventario municipal de 1995 e no Catastro.

A Sra. Vázquez di que se abstén.

O Sr. Romero consideran que xa que o Secretario está de baixa, esperar a que esté de alta para que faga un informe, polo que propón pospoñelo ó Pleno seguinte.

O Sr. Soto resposta de que non hai elementos de xuízo suficientes para deixar esto enriba da mesa, tendo un informe externo e toda a documentación que integra o expediente, débese rexeitar esta alegación.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG, e con 3 abstencións dos concelleiros presentes, dous do PP e un do PSOE, acorda:

1º. Rexeitar a alegación presentada por Fernando Barro Sabín o día 20 de outubro de 2017 opóndose á incorporación no inventario da propiedade da parcela onde se sitúa a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de San Sadurniño, co código 1ABT0760000005, debido a que, segundo consta no informe técnico e na documentación existente no Catastro e no inventario de bens, o dito ben é de propiedade municipal.

2º. Elevar a definitivo a aprobación do Inventario municipal de bens do Concello de San Sadurniño, acordada no Pleno municipal celebrado o 2 de setembro de 2017.

3º. Instar á Secretaría - Intervención para que de forma periódica o inventario municipal sexa actualizado cos cambios, baixas e altas que se vaian producindo.

4º. Déase conta do dito acordo aos interesados.

SÉTIMO. ACORDO DE CREACIÓN DUN FICHEIRO DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Dase conta da creación do ficheiro de datos de carácter persoal do Concello de San Sadurniño denominada Videovixilancia, en cumprimento do establecido no artigo 20 da lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal e no artigo 52 do seu Regulamento.

O Sr. Varela di que dende o goberno municipal acórdase montar un sistema de vixianza no Concello, esto é un paso previo que hay que tomar e que é a creación deste ficheiro de protección de datos.

A Sra. Vázquez pregunta se é un sistema de vixilancia.

O Alcalde di que é unha alarma para que se alguén non autorizado entra no Concello fora do horario de apertura do mesmo, esta se active e comence a gravar, polo hai que crear un ficheiro porque as imaxes gravadas nesas cámaras son imaxes protexidas.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda a aprobación para a creación dun ficheiro de protección de datos de carácter persoal.

OITAVO. ACORDOS RELATIVOS AO CONTRATO DE “CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA DE REDACCIÓN DO PXOM DE SAN SADURNIÑO”

Dase conta dunha comunicación ó Concello por parte da empresa Eptisa que toma a decisión de finalizar a actividade de dito contrato.

Esta empresa foi comprada por un grupo de inversores Chino, unha vez comprada, Eptisa toma a decisión de non seguir levando a cabo consultoría que ten que ver con redaccións de plan xerais.

Con data 28 setembro Eptisa solicita ceder o contrato á empresa Alfonso Botana S.L., o día 29 iníciase o expediente de cesión de contrato, requeriuse un informe externo para ver a viabilidade da cesión de contrato, o cal é viable.

A empresa son os propios traballadores da sección de planemento de Eptisa que crean a súa propia empresa para rematar os traballos inherentes a todos os plans xerais que estaba levando Eptisa por todo Galicia.

Esta tramitación conleva un certo retraso nos plans xerais, nos estimamos que ese retraso sexa de 2-3 meses, xa que a nova empresa ten practicamente rematadas as contestacións ás alegacións e tamén practicamente rematadas as vicisitudes que nos pedía a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

A proposta de acordo e, que como se fixo un contrato no seu día, pola súa cantidade foi aprobado no pleno, polo que a cesión do contrato tamén ten que ser aprobado polo pleno para que a empresa Alfonso Botana S.L. poida seguir cos tramites para rematar os traballos previos á aprobación definitiva do plan.

O Sr. Romero comenta que dubida da ampla experiencia e queren saber o secretario que é o que informa disto, polo que se van abster.

O Sr. Soto comenta que todo o que a empresa aportou foi validado polo secretario, e que a experiencia non é da empresa, é dos traballadores.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, seis dos concelleiros do BNG e un do PSOE e dúas abstencións dos concelleiros presentes do PP, apróbase a cesión do contrato á empresa Alfonso Botana S.L.

NOVENO. ACORDO DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE ACCIÓN SOCIAL DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.

Dase conta do Regulamento de acción social do persoal laboral do Concello de San Sadurniño baseado nos seguintes puntos:

PRIMEIRO.- OBXECTO

1.O artigo 40 do I Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de San Sadurniño regula a constitución dun Fondo social para o persoal laboral municipal.

2.O obxecto deste regulamento é dar cumprimento ao dito artigo e definir as accións, contías e normas de xestión do Fondo social.

SEGUNDO.- ÁMBITO PERSOAL

Poderá beneficiarse do Fondo social o persoal laboral do Concello abranguido no I Convenio colectivo, que estea en situación en activo na data de celebración do contrato coa entidade aseguradora que xestione o fondo.

TERCEIRO.- CONTÍA DO FONDO

a)Segundo o recollido no I Convenio colectivo, o Fondo social terá unha contía total de 4.000,00 euros.

b)Esta contía terá carácter anual, e poderá sufrir incrementos, no caso que a normativa de aplicación o permita.

CUARTO.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

- a) O Fondo social destinarase á contratación dun seguro de saúde con cobertura ao persoal indicado no artigo segundo.
- b) O seguro conterà coberturas no ámbito da saúde, como poden ser, por exemplo, atención odontolóxica, indemnizacións por hospitalización ou asistencia médica especializada.
- c) O persoal laboral concertará, anualmente, cunha entidade especializada a contratación do seguro, podendo modificarse as coberturas en cada contrato.

QUINTO.- SOLICITUDES

As persoas incluídas no ámbito de aplicación do Fondo social que queiran beneficiarse do seguro, terán que solicitar directamente os servizos da compañía aseguradora, consonte as indicacións que esta ofrezca a todo o persoal incluído.

SEXTO.- PRAZO

O prazo de cobertura do seguro será dun ano, a contar dende a data da súa aplicabilidade.

SÉTIMO.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO

- A asemblea do persoal laboral poderá modificar este regulamento, atendendo ás necesidades e intereses do colectivo, e no marco do I Convenio colectivo.
- A modificación do regulamento elevarase ao Pleno, para a súa aprobación definitiva.

O Sr. Romero pregunta se entran os funcionarios neste regulamento.

O Sr. Soto resposta que é froito do convenio colectivo co persoal laboral. O persoal laboral negociou un convenio colectivo e o persoal funcionario nunca solicitaron negociar un convenio colectivo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, seis dos concelleiros do BNG e un do PSOE e dúas abstencións dos concelleiros presentes do PP, apróbase o Regulamento de acción social do persoal laboral do Concello.

DECIMO. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MOECHE, ORTIGUEIRA, SAN SADURNIÑO E VALDOVIÑO, PARA REGULAR O PROXECTO “XEOPARQUE DE ORTEGAL”

O Sr. Soto, intervéñ dicindo que os Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto Xeoparque Ortegale, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

O presente convenio fórmulase como unha técnica de cooperación.

As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas e emprego, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos, asistencia sanitaria e asistencia social. Tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, á conservación, defensa e posta en valor do patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

É un convenio que ten unha vixencia de catro anos, que pode ser prorrogable por outros catro adicionais, e o procedemento para a xestión conxunta do proxecto deberá tramitarse un expediente para redactar unha Memoria e Programa de actuación que deberán contar de varios apartados.

Ten un órgano de impulso, dirección e seguimento que lle chaman Consello de dirección e que estará presidido en cada anualidade por un Concello distinto.

E un convenio que instrumentaliza a forma de poñer en valor os recursos deste territorio, sobre todo recursos que teñen que ver co valor xeolóxico, e que é un programa integramente financiado pola Deputación Provincial

O Sr. Romero comenta que aínda que ó principio se poida vender de que non ten limitacións sobre o territorio, o certo é que este plan de conservación conlevará despois medidas de usos e actividades na zoa. Cremos que hay moitos veciños limitados para pedir permisos de Augas de Galicia, Patrimonio, Carreteras, Rede Natura..., non coñecemos os territorios que comprenderán as futuras liñas que se trazarán para un plan de conservación, e hoxe por hoxe non se coñece que alcance terá para os Concellos afectados e as actividades e empresas que en ela se desenrolen.

O Sr. Soto contesta que esta figura non contempla afeccións urbanísticas, é unha figura que pon en valor unha determinada parte do territorio en función dunhas especiais peculiaridades dese territorio.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, seis dos concelleiros do BNG e un do PSOE e dúas abstencións dos concelleiros presentes do PP, acórdase:

1º. A aprobación do convenio no que establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño, para regular o proxecto Xeoparque Ortegá, segundo o texto proposto polo Servizo de promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación da Coruña, que se incorpora como anexo da proposta: así como a adhesión deste Concello ao mesmo.

2º. Nomear como representante do Concello de San Sadurniño no Consello de dirección do convenio interadministrativo a Secundino García Casal.

3º. Facultar á Alcaldía para ditar as resolucións que sexan necesarias para a debida execución deste acordo.

UNDÉCIMO. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 07/2017

O Sr. Soto explica que é un expediente que se concreta nunha transferencia de créditos, por anulación ou baixas de partidas que non van ser utilizadas ou que son suficientes para sufragar os servizos que as integran e dar eses fondos de alta noutras partidas que son insuficientes para rematar o ano, concretamente en algunhas partidas de actividades culturais e deportivas.

O Sr. Romero comenta que non están dacordo das partidas das que se quitan os cartos, como o programa de mellora de xestión forestal que temos a partida intacta. Despois hay a partida de fomento do emprego das que sacan 25.000 euros, habendo parados.

Na única partida que estamos dacordo que se quite xa que é esaxerada e a que corresponde a estudo de traballos técnicos.

O Sr. Soto intenta explicar máis en profundamente as causas das anulacións ou baixas de ditas partidas.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables do BNG, dous botos en contra do PP e unha abstención do PSOE, apróbase ao expediente de modificación de créditos nº 7/2017.

DUODECIMO. MOCIÓN DO BNG CONTRA OS LUMES FORESTAIS E POLO DESENVOLVEMENTO RURAL.

Dase conta do contido da moción presentada polo BNG con data do 26/10/17, que o Sr. Soto resume brevemente e que literalmente di o seguinte:

“A traxedia da vaga de lumes forestais que vén de arrasar Galiza provocou en catro días a morte de catro persoas, puxo en situación de grave risco núcleos urbanos e miles de persoas viron as súas vidas ás portas da morte; deixou vivendas, centos de propiedades e máis de 35.000 hectáreas engulidas polas lapas (máis de 48.000 hectáreas este ano, tanto como nos tres anos pasados).

O Goberno galego era consciente de que Galiza atravesaba unha das maiores secas das últimas décadas, que as comarcas de Ourense levaban ardendo durante toda a semana e que os coletazos do furacán Ofelia traería fortes rachas de vento. A pesar diso, a política do Partido Popular (PP) vai no sentido inverso: redución das franxas de protección, despedimento de case medio milleiro de traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA a semana anterior e a non aplicación durante todo o ano das medidas de prevención.

Para o PP, unha política forestal que acometa medidas de carácter estrutural, que abrangan a posta en valor dos terreos forestais, o aproveitamento diversificado e multifuncional do monte, a aplicación de medidas preventivas e de actualización do propio dispositivo de loita contra os lumes forestais, non existe.

En 2007 aprobouse por primeira vez unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galiza. Dita norma sentaba os alicerces para dar prioridade a unha actuación preventiva contra os incendios forestais, combinando medidas de ordenación forestal do territorio, o impulso ao asociacionismo na explotación forestal,

a inserción da política forestal na de desenvolvemento rural, deixando de ser unha política sectorial illada doutras actividades no medio rural, e a regulación dunha planificación eficaz dos dispositivos contra o lume. Esta Lei foi derogada polo PP, sen máis argumento que o desprezo pola súa autoría, sen ningún criterio lóxico, nin dende o punto de vista da prevención e loita contra o lume, nin para propiciar o desenvolvemento do rural e, o que é peor, sen implementar ningún modelo alternativo, acordando a pura e simple eliminación de medidas avanzadas de prevención e a volta á relegación e parálise da política preventiva e de ordenación forestal como principal panca para erradicar os incendios forestais en Galiza.

O goberno do PP, desde aquela, abriu a posibilidade de forestar terras agrarias, permitindo as repoboacións forestais en terras dedicadas ao labradío, prados ou pasteiros. Deste xeito aumentou o desorde territorial, diminuíu a posibilidade de incrementar as explotacións, propiciou o abandono do mundo rural e aumentou o perigo dos incendios forestais.

O goberno do PP, ademais, reduciu na metade a obriga de xestionar a biomasa vexetal nunha faixa de 100 metros arredor de calquera núcleo ou actividade situada a menos de 400 metros do monte. E reduciu de 50 metros a 25, a contar desde a extrema da propiedade, a prohibición de especies que favorezan a propagación do lume (eucalipto, acacia, piñeiro...).

Estas reformas só poden ser entendidas, ademais, se con elas se pretende favorecer os intereses de certas industrias como ENCE, ao permitir grandes plantacións de especies de crecemento rápido como o eucalipto.

O BNG leva anos denunciando que este é un dos principais problemas estruturais do noso país. E como tal, a resposta tamén debe atacar ao problema de fondo. No mes de xuño, a Portavoz Nacional do BNG, Ana Pontón, após os incendios do Pedrogão en Portugal, fixolle un ofrecemento ao Presidente da Xunta de Galiza, para chegar a un grande pacto nacional galego en defensa do noso monte, que Feijóo nin se dignou en contestar. Os aspectos a abordar, como a desertización, o abandono de explotacións agrarias, monocultivo do eucalipto ao servizo basicamente de ENCE, a falta dun aproveitamento multifuncional do monte galego que aproveite todo o seu potencial, servizo de prevención e extinción precario, estacionalizado e sen mando único, etc., seguen aínda pendentes.

Diante disto o goberno do PP, aplica a política da manipulación informativa e do autobombo, botándolle a culpa ao vento, a Portugal... sen asumir as súas responsabilidades. Mesmo pretende atribuír aos concellos funcións propias da administración forestal, como a contratación das brigadas de extinción ou a realización de labores de limpeza nos límites das masas forestais, cando carecen de financiamento público municipal e son, se nos atemos aos criterios da pretendida 'racionalización da administración local' que impuxo o PP, competencias impropias dos entes locais.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte
ACORDOS

Instar á Xunta de Galiza á

- Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.

- Realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións legislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.
- Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.
- Estabelecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.
- Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante:
 - Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia.
 - O establecemento e mantemento de faixas de protección.
 - Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.
 - Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.”

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG e do PSOE, con dous votos en contra, dos concelleiros presentes do PP, acordan aprobar a moción de que se trata.

DÉCIMOTERCEIRO. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Ó PAZO DE MEIRÁS

Dase conta do contido da moción presentada polo BNG con data do 26/10/17, que o Sr. Soto resume brevemente e que literalmente di o seguinte:

“O anuncio da decisión de que a Fundación Franco xestione as visitas ao Pazo de Meirás constitúe unha provocación, unha ofensa e falta de respecto tanto ás vítimas da Ditadura como a Galiza no seu conxunto, e un escandaloso exemplo da impiedade con que se move quen fai apoloxía do terrorismo fascista.

Resulta insultante e vergonzoso que un espazo que é produto dun espolio sexa aínda propiedade da familia Franco. E resulta aínda máis indignante que a Fundación que leva o seu nome o utilice para contar unha versión absolutamente manipulada da historia e para facer apoloxía da Ditadura e do ditador.

Estes feitos supoñen a constatación –por se non estaba suficientemente claro- da permanencia do franquismo nun réxime que se di democrático. E son posíbeis pola incapacidade do sistema político español para acabar coa vergonza que supón que a familia Franco sexa aínda dona dunha propiedade que é produto dun roubo, que faga negocio con ela e que a convirta nun parque temático de exaltación dun réxime totalitario que exterminou a miles de homes e mulleres por motivos políticos. Sería admisíbel que en Alemaña ou en Italia existisen palacios e fundacións dedicados a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Esta situación escandalosa e indignante é posíbel pola complicidade e a permisividade das institucións do Estado e da Xunta de Galiza, que consintén, amparan e protexen a Illa de impunidade e o parque temático franquista en que se convertiu o Pazo de Meirás.

Por outra parte, cómpre ter en conta que o espolio de Meirás contou coa participación activa e decisiva de Deputacións e Concellos galegos. Polo tanto, estas administracións teñen a responsabilidade e o deber de sumarse ás iniciativas que procuran poñer fin a esta situación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Declarar a familia do Ditador e a Fundación Franco non gratas no Concello de San Sadurniño.
2. Adherirse á proposta aprobada polo Pleno da corporación municipal de Sada instando tamén á Xunta de Galiza para que sexa este Concello o encargado da visitas guiadas ao Pazo de Meirás, como garantía de que as persoas visitantes do BIC reciben unha información veraz sobre a historia deste espazo histórico.
3. Facer unha condena pública das declaracións da Fundación Franco nas que expresaba a súa intención de usar as visitas guiadas ao Pazo para facer apoloxía da Ditadura e do Ditador. Instar ao goberno do Estado a facer as modificacións legais precisas para a ilegalización da Fundación Franco.
4. Adherirse e apoiar a iniciativa da “*Xunta Pro da Devolución do Pazo de Meirás*”, da que forman parte como entidades promotoras a Deputación da Coruña, os Concellos de Sada e A Coruña, a Universidade da Coruña, a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e a Iniciativa Galega pola Memoria.
5. Instar á Xunta de Galiza á elaboración dunha Lei galega de memoria histórica na que se prohiban, persigan e sancionen os actos de exaltación do franquismo e as entidades que os promovan.”

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.”

NOVENO. ROGOS E PREGUNTAS.

Interven o Sr. Romero, para formular a seguinte pregunta, ¿hay necesidade de facer as aceras polos dous lados no Enxerto? Xa que hay que recoñecer que queda moi estreito.

Respóstalle o Sr. Alcalde dicíndolle que recomendaríalle que mirara o proxecto porque o camiño leva de aglomerado exactamente a mesmo ancho que ten actualmente antes de facer as beirarrúas. Evidentemente fáltalle a ampliación hacia un lado, e mentes non esteña rematado non se percibe o ancho. Se queres facilitámosche o proxecto para que o comprobés.

O Sr. Romero tamén pregunta ¿cantas baixas foron nesta lexislatura e como pode funcionar o Concello así con pouca xente?

O Sr. Alcalde resposta de que ten constancia que agora mesmo hay unha baixa, que é unha baixa facultativa do médico, se unha persoa está enferma é un dereito que ten a estar de baixa laboral. Evidentemente nunha plantilla de 40 persoas pois que haxa unha baixa e normal. En canto as sancións, o concello nestes momentos ten unha persoa expedientada por una falta moi grave, evidentemente as persoas que comenten unha falta moi grave, a propia lei di a sanción que ten, como todos sabedes as persoas que estamos nas corporacións da Administración Publica temos a obriga de cumprir e facer cumprir a lei. En canto ós tralados, hay unha traballadora que solicita ó Concello autorización para poder presentarse a unha praza pública nun Concello veciño para poder concursar nesa praza en comisión de servizos. Eu entendo que o Concello tenlle que facilitar os traballadores e traballadoras a millora dentro das súas condicións laborais. Estamos en fase de procedemento de oposición para substituir a esa persoa mentres dure esa comisión de servizos, que pode durar un ano ou quince. Mentres esa persoa esteña en comisión de servizos como funcionaria noutro Concello pois vaise cubrir esa praza con un funcionario ou funcionaria interino.

A Sra. Vázquez pregunta se na parroquia de Santa Mariña houbo charlas forestais?

O Sr. Alcalde resposta que foron a principios de este ano, no mes de febreiro.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e dez minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretaria Accidental certifico.

O ALCALDE

A SECRETARIA EN FUNCIONS,

